

A FIGURA DE LAXEIRO


SIMPOSIO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

25 de novembro de 2022

Auditorio do CGAC

Entrada libre e de balde



A Real Academia Galega de Belas Artes dedica o Día das Artes Galegas, 1 de abril de 2022, á figura do artista José Otero Abeledo, coñecido como Laxeiro.

Con motivo desta celebración, e no marco dunha serie de actividades programadas ao longo do ano, este simposio ten a finalidade de afondar na obra do artista e de subliñar a súa relevancia no ámbito da arte galega e internacional do século XX.

A traxectoria vital e artística de Laxeiro (Lalín, Pontevedra, 1908 - Vigo, Pontevedra, 1996) cobre practicamente a totalidade do século pasado, e erixiuse, por dereito propio, un dos personaxes máis senlleiros do panorama galego das artes. A súa contribución á renovación da plástica galega, a súa proxección internacional e a influencia que tivo sobre as xeracións de artistas galegos máis novos xustifican a revisión e o estudo en profundidade da súa obra.

Intervirán neste simposio arredor da súa figura dous nomes relevantes do estudo e a crítica de arte en Galicia, Carlos Bernárdez e Carlos Valle. O primeiro, en calidade de comisario da exposición *Foi un home*, que se centra no traballo de Laxeiro durante a súa estadía de vinte anos en Arxentina, entre os anos 1951 e 1970. O segundo, como autor dun libro de interese divulgativo acerca da obra do homenaxeado, encargado pola Academia e dirixido aos centros de ensino galegos. Ambos os dous compartirán co público a súa persoal visión sobre Laxeiro.

Manuel Quintana Martelo
Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes

PROGRAMA

- 17:00 h. Presentación. Intervenien: Santiago Olmo, Director do CGAC; Manuel Quintana Martelo, presidente da Real Academia Galega de Belas Artes e Anxo Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura da Xunta de Galicia
- 17:30 h. *Laxeiro, entre a afirmación e a disolución do suxeito*, conferencia a cargo de Carlos López Bernárdez
- 18:15 h. *Pontevedra na traxectoria creativa de Laxeiro*, conferencia a cargo de Carlos Valle Pérez
- 19:00 h. Mesa redonda con Carlos López Bernárdez e Carlos Valle Pérez

La Real Academia Gallega de Bellas Artes dedica el Día de las Artes Gallegas, 1 de abril de 2022, a la figura del artista José Otero Abeledo, conocido como Laxeiro.

Con motivo de esta celebración, y en el marco de una serie de actividades programadas a lo largo del año, este simposio tiene la finalidad de ahondar en la obra del artista y de subrayar su relevancia en el ámbito del arte gallego e internacional del siglo XX.

La trayectoria vital y artística de Laxeiro (Lalín, Pontevedra, 1908 - Vigo, Pontevedra, 1996) cubre prácticamente la totalidad del siglo pasado, y se erigió, por derecho propio, en uno de los personajes más singulares del panorama gallego de las artes. Su contribución a la renovación de la plástica gallega, su proyección internacional y la influencia que tuvo sobre las generaciones de artistas gallegos más jóvenes justifican la revisión y el estudio en profundidad de su obra.

Intervendrán en este simposio en torno a su figura dos nombres relevantes del estudio y la crítica de arte en Galicia, Carlos Bernárdez y Carlos Valle. El primero, en calidad de comisario de la exposición *Foi un hombre*, que se centra en el trabajo de Laxeiro durante su estancia de veinte años en Argentina, entre los años 1951 y 1970. El segundo, como autor de un libro de interés divulgativo acerca de la obra del homenajado, encargado por la Academia y dirigido a los centros de enseñanza gallegos. Ambos compartirán con el público su personal visión sobre Laxeiro.

Manuel Quintana Martelo
Presidente de la Real Academia Gallega de Bellas Artes

PROGRAMA

- 17:00 h. Presentación. Intervienen: Santiago Olmo, Director del CGAC; Manuel Quintana Martelo, presidente de la Real Academia Gallega de Bellas Artes y Anxo Lorenzo Suárez, director general de Cultura de la Xunta de Galicia
- 17:30 h. *Laxeiro, entre la afirmación y la disolución del sujeto*, conferencia a cargo de Carlos López Bernárdez
- 18:15 h. *Pontevedra en la trayectoria creativa de Laxeiro*, conferencia a cargo de Carlos Valle Pérez
- 19:00 h. Mesa redonda con Carlos López Bernárdez y Carlos Valle Pérez

CARLOS LÓPEZ BERNÁRDEZ (Vigo, Pontevedra, 1958) é historiador da arte. Entre os seus libros destacan: *Bestiario en pedra* (2004), colaboración con X. R. Mariño Ferro; *Breve historia da arte galega* (2005); *Maruja Mallo, a pintura da nova muller* (2010); *Do idilio á diáspora* (2012); *Un pintor que sabía o que facía. Achegas á obra pictórica de Luís Seoane* (2016); *Identidade e universalidade. Lecturas de pintura galega* (2018) e *Fronte da arte. A arte galega no contexto europeo dos anos trinta* (2020).

Sobre Laxeiro, comisariou *De Vigo a Bos Aires. Laxeiro e a arte galega de posguerra* (2008); *Son eu. Dezaioito autorretratos de Laxeiro* (2020) e *Foi un home. Laxeiro en América* (2022).

CARLOS VALLE PÉREZ (Pontevedra, 1953) é licenciado e doutor en Historia da Arte, en ambos os dous casos coa cualificación de Premio Extraordinario, pola Universidade de Santiago de Compostela. Secretario-director adxunto (1981-1986) e director (1986-2018) do Museo de Pontevedra, foi tamén vicepresidente (1989-1993) e presidente (1993-2001) da Confederación Española de Centros de Estudios Locales (entidade adscrita ao CSIC). É membro de número da Real Academia Galega de Belas Artes e correspondente das Reais Academias Españolas da Historia e de Belas Artes de San Fernando, de Santa Isabel de Hungría (Sevilla) e de Belas Artes de Portugal. Membro de diversos organismos científicos galegos, españois e internacionais, ademais é presidente da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra e secretario do Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego, promovido por Afundación. Ao longo da súa dilatada carreira foi comisario e co-comisario de numerosas exposicións, entre outras, a programada en 2008 polo Museo de Pontevedra para conmemorar o centenario do nacemento de Laxeiro. É autor de máis de dúascentas publicacións e foi merecedor de diversas distincións e condecoracións polo seu traballo no ámbito das artes.

CARLOS LÓPEZ BERNÁRDEZ (Vigo, Pontevedra, 1958) es historiador del arte. Entre sus libros destacan: *Bestiario en pedra* (2004), colaboración con X. R. Mariño Ferro; *Breve historia da arte galega* (2005); *Maruja Mallo, a pintura da nova muller* (2010); *Do idilio á diáspora* (2012); *Un pintor que sabía o que facía. Achegas á obra pictórica de Luís Seoane* (2016); *Identidade y universalidade. Lecturas de pintura galega* (2018) y *Fronte da arte. A arte galega no contexto europeo dos anos trinta* (2020).

Sobre Laxeiro, comisariou *De Vigo a Buenos Aires. Laxeiro e a arte galega de posguerra* (2008); *Son eu. Dezaioito autorretratos de Laxeiro* (2020) y *Foi un home. Laxeiro en América* (2022).

CARLOS VALLE PÉREZ (Pontevedra, 1953) es licenciado y doctor en Historia del Arte, en ambos casos con la calificación de Premio Extraordinario, por la Universidad de Santiago de Compostela. Secretario-director adjunto (1981-1986) y director (1986-2018) del Museo de Pontevedra, fue también vicepresidente (1989-1993) y presidente (1993-2001) de la Confederación Española de Centros de Estudios Locales (entidad adscrita al CSIC). Es miembro numerario de la Real Academia Gallega de Bellas Artes y corresponsal de las Reales Academias Españolas de la Historia y de Bellas Artes de San Fernando, de Santa Isabel de Hungría (Sevilla) y de Bellas Artes de Portugal. Miembro de diversos organismos científicos gallegos, españoles e internacionales, además es presidente de la Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra y secretario del Premio de Periodismo Francisco Fernández del Riego, promovido por Afundación. A lo largo de su dilatada carrera ha sido comisario y co-comisario de numerosas exposiciones, entre otras, la programada en 2008 por el Museo de Pontevedra para conmemorar el centenario del nacimiento de Laxeiro. Es autor de más de doscientas publicaciones y ha sido merecedor de diversas distinciones y condecoraciones por su trabajo en el ámbito de las artes.

PERSOAS DESTINATARIAS: estudantes, profesionais e persoas interesadas na Historia da Arte.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DIRECCIÓN: Real Academia Galega de Belas Artes

PERSONAS DESTINATARIAS: estudiantes, profesionales y personas interesadas en la Historia del Arte.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DIRECCIÓN: Real Academia Gallega de Bellas Artes

